

**LA INDUSTRIA DEL GRANITO EN EL SIGLO XXI:
REALIDAD ACTUAL Y ESTRATEGIAS ECONÓMICAS DE FUTURO**

X.A. RODRÍGUEZ / P. GONZÁLEZ
Santiago de Compostela: Asociación Hispalink Galicia. 2001
[182 páxinas]

Recibido: 8 abril 2002
Aceptado: 17 xuño 2002

Na actualidade a industria do granito acadou unha grande importancia polo seu dinámico comportamento e polo potencial de desenvolvemento que ofrece tanto no ámbito internacional coma no caso de España, onde destaca Galicia que ocupa o primeiro lugar na industria española do granito.

O estudio global desta industria realízano os dous profesores titulares da Universidade de Santiago de Compostela cun propósito que, tal e como eles sinalan, é o de presentar un documento de reflexión que facilite un mellor coñecemento da situación desta industria, destaca-los seus puntos débiles e as súas potencialidades, ofrecer propostas para mellora-la súa capacidade de desenvolvemento e unha axuda para que sexa rendible económica e socialmente un recurso natural que ofrece amplas posibilidades.

Para o cumprimento deste empeño estruturaron o seu traballo en once capítulos. No primeiro expoñen a diversidade de definicións segundo a orixe e a composición do produto que se analiza no libro. O segundo capítulo refire as diferentes utilizacións do granito en distintas épocas, a súa transformación de material de construción a ornamental e o despegue desta industria en España a partir da década dos anos sesenta. Isto sérvelle de introducción ó terceiro capítulo, onde se analiza a produción de granito española, identificándose os núcleos produtores do país e onde se destaca a importancia da produción de granito ornamental tanto polo valor da produción coma polo emprego xerado e polo excepcional peso de Galicia no conxunto estatal, xa que xera máis do 60 por 100 da produción e o 80 por 100 das exportacións.

O cuarto capítulo titulado “*Proceso de elaboración del granito ornamental y estructura productiva*” infórmanos acerca das técnicas e dos métodos utilizados na súa extracción e elaboración, pero o que, ó noso xuízo, alcanza un maior peso é a caracterización que realizan da estrutura productiva desta industria, na que afrontan a actividade das empresas e o seu impacto en termos de emprego, co que destacan varios aspectos de interese: a concentración da maior proporción do emprego no proceso global da elaboración, a comparación entre o ámbito español e o galego en canto á creación de emprego e as referencias ás empresas auxiliares que xeran

un moi importante valor engadido. A este último aspecto dedicaráselle un maior espacio no capítulo sétimo, que ofrece o estudo da evolución do mercado de maquinaria-tecnoloxía no ámbito mundial e principalmente en Italia e en España dentro do marco da UE.

Nos capítulos cinco e seis os autores analizan a evolución da industria e a súa dinámica productiva e comercial desde o punto de vista internacional, destacando as principais transformacións dos últimos anos que levaron o sector a un proceso de reestruturación, tanto desde o lado da oferta, na que se constata un exceso debido á irrupción de novos produtores como China, como desde o lado da demanda polo fortalecemento de mercados relativamente novos coma o estadounidense.

Os capítulos oito, nove e dez céntranse en analiza-la evolución da produtividade e da competitividade da industria en España, así como a súa problemática presente e as posibles alternativas para mellora-los resultados do sector. En xeral, e aínda que os conceptos de produtividade e de competitividade son complexos, e pese á precariedade estatística, os autores conclúen que a industria do granito ornamental español experimentou nos últimos anos relevantes incrementos de produtividade que lle permitiron conserva-lo seu mercado interno e competir dinamicamente no exterior. E todo isto a pesar de importantes lastres como: o pequeno tamaño das empresas, xeralmente de carácter familiar, que debilita a estrutura productiva do sector e a súa atomización productiva e comercial; a relativamente baixa porcentaxe de exportacións de granito elaborado; a necesidade de limita-los custos de produción; problemas ambientais; carencias de formación da man de obra; ou a aparición no mercado de substitutos coma o gres porcelánico. Problemas que necesariamente deberán ser afrontados sen dilación para mante-lo nivel competitivo das empresas do sector.

En atención a isto, os autores suxiren instrumentar estratexias de cooperación entre o sector privado e o público, mellora-la xestión integral das empresas en tres niveis principais: a organización de recursos, os procesos productivos e a contorna, e expoñen os seus criterios acerca da necesidade de investir en capital humano, capital público ou infraestructuras e capital tecnolóxico ou avances en I+D, entre outros aspectos. Todo isto, sumado ás propostas de mellora dos aspectos comerciais e de busca dun equilibrio entre o desenvolvemento da industria e o respecto ó medio, contribúe ó esforzo por solucióna-los problemas que enfrenta hoxe esta industria.

A realización de estudos económicos sectoriais que ofrezan diferentes criterios que contribúan a solucionar eses problemas constitúe un interese central da Asociación Hispalink Galicia no marco da cal se presenta este traballo.

Tanto para os estudiosos desta temática como para quen se aproximan a ela por primeira vez, este libro resulta unha referencia importante por propoñer diversas cuestións que motivan á reflexión sobre o desenvolvemento desta industria, radicando a súa importancia non só en si mesma senón tamén nas súas relacións con outros dous relevantes sectores: o da maquinaria-tecnoloxía e o da construción.

Resulta, polo tanto, un interesante traballo co que contar para promove-lo coñecemento e a investigación neste sector.

NÉLIDA LAMELAS CASTELLANOS
Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela